

A poeta vén de publicar en Baía o seu segundo volume de contos "O trevo da sorte"


Medos Romero: "A razón iguala e as emocións nos diferencian"

Co seu novo libro, a escritora pontesa trata de falar de temas "actuais aínda que non abordados coa frecuencia que merecen"

N.V. / Ferrol

O maltrato ás mulleres, os abusos sexuais, a anorexia, o aborto, a homosexualidade ou a prostitución son algúns dos temas que Medos Romero trata no seu segundo volume de contos, "O trevo da sorte" (Baía Edicións) despois da reivindicación feminina que foi "Dubido se matei a Lena" (Xerais, 2000). "Todos estos son aspectos non abordados con valentía nas nosas letras, e creo que temos que ter a madurez de facelo", salienta Romero.

A dor e a tristura, tamén a tenrura, adobían estes 27 contos divididos en dúas partes. "A primeira é máis rural e antiga, como as fotos en sepia. A segunda, sen unha



A escritora presentará en Ferrol o seu novo libro de relatos / Carlos Carballeira

fronteira tampouco clara, son máis actuais e urbanos. Todas elas son historias que trato de contar desde o centro da emoción. En todas elas hai un suceso que marca ao protagonista e que provoca unha situación".

Unha visión do mundo que, como non podía ser doutro xeito, está condicionada

pola profesión de Romero, enfermeira no Arquitecto Marcide. "Eu convivo coa morte e co sufrimento, para min é algo natural". Una visión que precisa a escritora. "Somos máis o que sentimos que o que soñamos. A razón nos iguala, todos podemos entender algo dun xeito semellante, é o sentimento o

que nos diferencia".

"O trevo da sorte", irónico título que fala de todo o contrario, presentarase proximamente na Galería Sargadelos. Foi escrito a continuación do último poemario de Romero, "Lenzo das madrugada" (Follas Novas), que está a ter unha excelente acollida crítica.